

*Presidente do GDR 19 "Asociación Terras de Compostela"*

XUNTA  
DE GALICIA

Saída 495811 / RX 615006

REXISTRO ELECTRÓNICO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/04/2021 12:20:18



**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a asemblea xeral do GDR 19 procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 30 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



# ANEXO I



D. Carlos Martínez Carrillo con N.I.F.: 33.284.493-C Secretario da Asociación Terras de Compostela, con C.I.F.: G - 70.181.557 e con domicilio a efectos de notificacións, en Lugar de Cibrán, 4 - San Xián de Sales – 15885 Vedra (A Coruña);

## CERTIFICO

**Primeiro.-** Que, na sesión de Asemblea Xeral Ordinaria da precitada Asociación, celebrada o **30 de marzo de 2020**, por maioría dos presentes, adoptouse entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar a modificación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR-19, elaborada ó abeiro da *Resolución do 11 de febreiro de 2016* (así como os criterios de selección, baremación e priorización dos proxectos non produtivos e dar traslado a Agader para a súa aprobación”

**Segundo.-** Que os cambios no **PLAN DE ACCIÓN da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR-19** aprobados en dita Asemblea foron os seguintes:

**A. Establecer como acción tipo**, (recollidas na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR-19):

- ***Apoio a accións ou investimentos relacionados coa mobilidade de Terras ou cos programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais, etc)***

**B. Introducir novo obxectivo** (prantexados na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR-19)

- ***Apoiar proxectos relacionados coa mobilización ou recuperación de Terras, incluíndo actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terra agraria.***



**C. Renomear o Eixe Estratéxico 1 e introducir nova Línea de Actuación no Eixe 1: PRODUCCIÓN AGRARIA E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA**

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXIO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
I. PRODUCCIÓN AGRARIA E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA (actividades agrícolas, forestais, gandeiras, vitivinícolas e mixtas)	Producción agraria	Acc.1: Apoio a proxectos relacionados coa mobilización ou recuperación de Terras, incluíndo actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terra agraria.

**D. Introducir Acción Tipo na seguinte liña de actuación do Eixe 2 CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEMES**

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXIO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
II. CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEMES (autónomos, pemes)	Sector servizos	Acc.4: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER

**E. Introducir Acción Tipo na seguinte liña de actuación do Eixe 3 DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO**

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXIO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
III. DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO	Novas empresas e servizos turísticos	Acc.6: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.



**F. Introducir Accións Tipo nas seguintes liñas de actuación do Eixe 4 :**

### INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS PARA A POBOACIÓN

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXICO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
<b>IV. INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS PARA A POBOACIÓN</b>	Mellora da calidade de vida da poboación	Acc.5: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.
	Creación e mellora de infraestruturas sociais e culturais	Acc.5: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.
	Mellorar e implementar servizos a poboación	Acc.7: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.
	Accesibilidade as TIC	Acc.3: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.
	Eficiencia enerxética e conservación e mellora do ambiente	Acc.4: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.

**G. Introducir novos Obxectivos específicos no Eixe 5 : CONSERVACIÓN E**

### MELLORA DO PATRIMONIO RURAL

- *Valorizar o patrimonio arquitectónico, cultural, natural e etnográfico do territorio así como dos núcleos rurais das aldeas modelo, programas de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER, que teñan como obxectivo a valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural.*



- **Accións de sensibilización e participación social sobre boas prácticas en materia medioambiental e sobre os instrumentos de mobilización de terra agraria.**

**H. Introducir Accións Tipo nas seguintes liñas de actuación do Eixe 5 :**  
**CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL**

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXIO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓN TIPO
V. CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL (arquitectónico, natural, cultural, etnográfico, etc.)	Conservación e valorización do patrimonio	Acc.4: Apoio a accións de sensibilización ecolóxica e cultural e sobre os instrumentos de mobilización de terra agraria. Acc.5: Apoio a accións e/ou investimentos que persigan a valorización do patrimonio arquitectónico, cultural, natural e etnográfico do territorio, así como dos núcleos rurais das aldeas modelo, programas de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER, que teñan como obxectivo a valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural.
	Promoción e difusión do patrimonio	Acc.4: Apoio a accións e/ou investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
	Aplicación das TIC	Acc.3: Apoio a investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
	Mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas	Acc.3: Apoio a investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.



**Terceiro.-** Que os cambios no **PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS** aprobados en dita Asemblea foron os seguintes:

**A. PROXECTOS DE NATUREZA NON PRODUTIVA**

Inclúise un novo ítem baremable no apartado 3.2

CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS	PUNTUACIÓN
<b>3. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E A POBOACIÓN RURAL</b>	<b>MÁX: 50 PUNTOS</b>
<b>3.2: POTENCIALIDADE PARA FAVORECER O XURDIMENTO DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS E A CREACIÓN DE EMPREGO</b>	<b>(Máx 10 puntos)</b>
<b>3.2.1.: Proxectos promovidos no ámbito da mobilidade de terras agrarias (aldeas modelo, ...) ou en programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais..)</b>	<b>10</b>

**B. PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS DE NATUREZA NON PRODUTIVA**

Inclusión das “Actuacións relacionadas coa mobilidade de Terras ou con programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais...)” en **Prioridade Alta**

Para que así conste e xurdan os efectos oportunos, asino o presente en,

San Xián de Sales a 09 de abril de 2021

SECRETARIO

Vº PRACE PRESIDENTE

Asdo.- Carlos Martínez Carrillo

Asdo.- M Guarina Rey Vázquez

